

A transmisión do patrimonio arqueolóxico a través da Interpretación. Estudo de caso sobre o Museo Arqueolóxico Aberto de Carnota (A Coruña, Galicia)

The transmission of Archaeological Heritage through Interpretation. A case study focusing on the Open Archaeological Museum of Carnota (A Coruña, Galicia)

Patricia Trasmonte Martínez, Iria Caamaño Franco e M. Elvira Lezacano González.

Universidade da Coruña (Galiza-España)

Resumo

O propósito deste artigo é presentar a importancia da Interpretación como medio de difusión do patrimonio, neste caso, patrimonio arqueolóxico con uso turístico. Para iso, escolleuse o Museo Aberto de Carnota (A Coruña, Galicia) debido ao crecente interese suscitado nos últimos anos, feito que se manifesta tras a súa posta en valor (escavación, mellora da accesibilidade, sinalización...). Non obstante, este uso crecente, tanto por parte da poboación local como de turistas espontáneos, pon en situación de vulnerabilidade e risco de conservación aos recursos que conforman o Museo Aberto xa que non existe un correcto planeamento da súa xestión. Por tanto, debido a que a posta en valor foi proposta dende un uso de lecer espontáneo e non dende a perspectiva do uso turístico, cómpre desenvolver un plan de intervención no recurso. Neste contexto, a metodoloxía empregada baseouse nas técnicas cualitativas: observación participante e entrevistas en profundidade, que permitiron realizar unha avaliación da súa situación actual. Finalmente preséntanse as conclusións á vez que se mostra unha proposta pre-interpretativa que podería servir como base para un futuro plan de intervención.

Astract

The aim of this paper is to present the importance of Heritage Interpretation for heritage promotion, and specifically, archaeological heritage with a tourist purpose. This Museum was chosen due to its increasing interest over the last years, in terms of valuing cultural heritage (excavations, improvement of accessibility, signalling...). Nevertheless, the Open Museum resources are in a risk of vulnerability and bad conservation if we consider the increment of visitors, both local population and tourists, because of the lack of a good management planning. It should therefore be developed a behaviour intervention plan in the resource, as it was valued for a spontaneous leisure use and not from a tourist perspective. In this context, the study used qualitative techniques, such as participant observation and in-depth interview, to evaluate the present situation. Finally, some conclusions are presented as well as a pre-interpretive proposal that could constitute a future planning basis.

Palabras chave

patrimonio arqueolóxico, turismo cultural, arqueoturismo, Interpretación do patrimonio

Key-words

archaeological heritage, cultural tourism, archaeological tourism, Heritage Interpretation.

Patrimonio cultural e turismo. O patrimonio arqueolóxico como atractivo turístico

O ICOMOS (1999) expón a interacción dinámica que existe entre turismo e patrimonio cultural, xa que o turismo cultural é unha das actividades de maior crecemento nos últimos tempos. Por dito motivo, está sendo obxecto de atención preferente dende instancias internacionais como a Comisión Europea e o Consello de Europa ligado intimamente con outros aspectos máis importantes nos que se fai fincapé na actualidade: a filosofía da sustentabilidade fronte ao turismo masivo tradicional.

O concepto de turismo cultural comeza a desenvolverse a partires da década dos oitenta e as principais motivacións da viaxe son *“a visita a lugares que destacan pola súa riqueza patrimonial, principalmente monumental e artística, e polos costumes, as tradicións e a idiosincrasia da súa xente.”* (CRESPI e PLANELLS, 2003: 15).

A pesares da dificultade que supón desenvolver un marco teórico sobre o turismo cultural debido, especialmente, á proliferación de investigacións e definicións que xa foron ofrecidas con anterioridade, na presente investigación terase como base e referencia a Organización Mundial do Turismo (de agora en diante OMT).

Segundo a devandita organización o turismo cultural comprende *“todos os movementos de persoas para satisfacer a humana necesidade de diversidade, orientados a elevar o nivel cultural do individuo, facilitando novos coñecementos, experiencias e encontros”* (OMT, 1985). Nesta definición apréciase o carácter educativo e dinámico deste tipo de turismo: non se trata só de descubrir novos lugares, senón que se busca adquirir novos coñecementos, enriquecerse máis e vivir novas experiencias sen que os visitantes sexan meros espectadores. Ademais, sinala o turismo cultural como a posibilidade que as persoas teñen de internarse na historia, o patrimonio humano e cultural, as artes e a filosofía, e as institucións doutros países ou rexións. Deste modo, o coñecemento, a identidade e a diversión sitúanse dentro dos motivos principais da viaxe, engadindo as tradicións que aínda non desapareceron (FERNÁNDEZ e GUZMÁN, 2005).

Coa práctica deste tipo de turismo preténdese dar a coñecer a cultura do lugar visitando tanto os espazos patrimoniais coma coñecendo e sendo partícipe da cultura popular, as súas festas, etc. Como sinala Santana (2003), o importante é a busca de novas experiencias culturais a través da participación en eventos locais e do contacto con persoas doutras culturas.

Actualmente xa non resulta novo falar da motivación dos turistas por viviren experiencias únicas nas súas viaxes, pero hai que mencionar que ditas experiencias de-

ben tamén de ofrecer novos coñecementos ao mesmo tempo que son un xeito de lecer; que sexa algo totalmente diferente ao que lles sucede durante a súa vida cotiá e que, por tanto, mereza ser lembrada (OTERO e GONZÁLEZ, 2010).

Por iso, o caso de estudo que se propón nesta investigación está intrinsecamente ligado ás experiencias, polo que será necesario desenvolve-la a través dunha correcta Interpretación do patrimonio, de maneira que se consiga facilitar-lles a comprensión do mesmo e, á vez, concienciarlos e facer que se comprometan co recurso que se interpreta, tendo claro que o seu fin último é a conservación dos bens en cuestión (MORALES, 2001; MANZATO, 2007).

Esta Interpretación do Patrimonio (IP) debe realizarse, segundo TILDEN (2006), de forma clara e sinxela, co obxecto de chegar aos visitantes dun xeito atractivo, facendo que estes participen en certo modo na visita que realicen sobre os bens. En definitiva, é unha aproximación á comunicación, pero feita cun público interesado polo tema en lugares como museos, parques naturais, lugares históricos, etc. que buscan pasar o tempo que dure ese proceso interpretativo durante a visita de forma agradable e, ao mesmo tempo, que sexa beneficioso en canto á adquisición de novos coñecementos (HAM, 2013).

Non obstante, o que prima no turismo cultural é a importancia do patrimonio, o cal

á súa vez é símbolo de identidade para a sociedade, tal e como afirman Tugores e PLANAS (2006), e axuda a recordar o pasado, pero do único do que se dispón é da memoria e dos obxectos e manifestacións que del foron herdadas. Así mesmo, o patrimonio desempeña un papel fundamental como vehículo simbólico (Gómez, 2004) e iso conduce a xustificar a importancia de desenvolver un turismo sustentable debido a que o patrimonio non é algo natural nin eterno, senón unha construción social (CÚNEO, 2004) que pode chegar a converterse nun elemento imaxinario inserto na identidade dunha comunidade.

Neste sentido, o patrimonio cultural non só está formado por bens culturais materiais, tamén abarca outros bens inmateriais, como son a lingua, as relacións sociais, os rituais, as cerimonias, os comportamentos colectivos, as crenzas, etc. que en conxunto forman a identidade dun pobo e representan a cultura á que pertence (VAN LEEUWEN et al., 2013); identidade na que se pode ver o proceso histórico dunha sociedade, a transformación dos pobos e das culturas (DA SILVA GOMES, 2013). Segundo MANZINI (2011), os bens culturais que conforman o patrimonio constitúen a herdanza das xentes que lles deron a súa orixe e son a máxima expresión da súa cultura, ofrecendo información tanto da historia dun lugar como da sociedade á que pertencen, sendo, por tanto, os propios bens culturais, a mellor fonte documental sobre a historia dese lugar.

O patrimonio, tanto material como inmaterial, forma parte principal da historia do lugar, primeiro motivo polo cal é necesaria a súa conservación pero, á súa vez, amósase como medio para axudar ao desenvolvemento local, capaz de xerar novas divisas así coma un interese dende o punto de vista social, pois propónse como oportunidade educativa e elemento da transmisión da identidade, é dicir, parte da cultura material e inmaterial.

Para determinar dunha mellor maneira o concepto de patrimonio cultural, inclúese aquí a definición segundo a Ley 16/1985, do 25 de xuño, do *Patrimonio Histórico Español*, que no segundo apartado do seu primeiro artigo dispón o seguinte: “*Integran o Patrimonio Histórico Español os inmobles e obxectos mobles de interese artístico, histórico, paleontolóxico, arqueolóxico, etnográfico, científico ou técnico. Tamén forman parte do mesmo o patrimonio documental e bibliográfico, os xacementos e zonas arqueolóxicas, así como os sitios naturais, xardíns e parques, que teñan valor artístico, histórico e antropolóxico*”. Esta mesma lei recolle tamén a definición de patrimonio arqueolóxico (obxecto de estudo do presente traballo) no seu artigo 15, apartado 5, no que se precisa que está composto por “*os bens mobles ou inmobles de carácter histórico, susceptibles de ser estudados con metodoloxía arqueolóxica, foran ou non extraídos e tanto se atopan na superficie ou no subsolo, no mar territorial ou na plataforma*

continental. Forman parte, tamén, deste patrimonio, os elementos xeolóxicos e paleontolóxicos relacionados coa historia humana e as súas orixes e antecedentes”.

Como vimos de ver, dentro do patrimonio cultural inclúense os bens arqueolóxicos, polo que se pode dicir que o turismo arqueolóxico ou arqueoturismo (MANZATO, 2007; POYATO, 2011; SOLSONA E RICO, 2014) é unha das modalidades existentes dentro do turismo cultural.

Porén, considérase necesario realizar unha breve definición sobre o concepto de arqueoloxía, definido polos autores e de maneira moi abreviada como unha disciplina que estuda os procesos sociais a través dos restos materiais. Así, para o caso das sociedades xa desaparecidas, como as prehistóricas, é a única forma de poder facer unha análise social, ademais de ser un xeito de transmitir novos coñecementos, tanto sobre as sociedades desaparecidas como sobre as que aínda existen.

Entón, confírmase que a arqueoloxía, xunto con outras disciplinas, xera coñecemento antropolóxico e histórico (BARRERO, 2012) e, por tanto, o patrimonio arqueolóxico é unha forma de xerar coñecemento sobre os costumes e a historia dos pobos (DOMÍNGUEZ, 2007), un símbolo de identidade dun territorio, integrándose na súa cultura (FERRER E VIVES-FERRÁNDIZ, 2014) e funcionando coma un recurso turístico que provoca o interese nos visi-

tantes por querer coñecelo a través dun axeitado proceso de divulgación (GARCÍA e DE LA CALLE, 2010). Como sinala Matilde GONZÁLEZ (2000), é obvio o feito de que os restos arqueolóxicos atraen ao público xeral, aínda que este non posúe unha clara noción do que é o patrimonio arqueolóxico. Por iso, insiste a mesma autora en que os arqueólogos demandan a súa xestión e mantemento.

Centrando a investigación no turismo arqueolóxico parece aconsellable achegarse tamén á definición desta tipoloxía turística. Segundo as *Actas das II Jornadas de Desenvolvemento Rural y Sostenibilidade*, celebradas no municipio de Iniesta (Cuenca), os días 25 e 26 de marzo de 2011, máis concretamente segundo o relatorio realizado pola Profesora Doutora María del Carmen POYATO HOLGADO, titulado *El turismo y el patrimonio como motor de desarrollo rural*, o concepto de turismo arqueolóxico ou arqueoturismo fai referencia ás viaxes realizadas por viaxeiros que buscan nos conxuntos e xacementos arqueolóxicos, xa sexan históricos ou prehistóricos, coñecer os lugares que foron ocupados por culturas antigas e poder gozar de experiencias únicas neses lugares en relación coa arqueoloxía.

Por tanto, consiste no desprazamento de visitantes aos denominados sitios arqueolóxicos, nos que se poden atopar os restos materiais de culturas antigas que son susceptibles de seren visitados (MANZATO,

2007), presentando actividades, produtos e servizos culturais e turísticos coa arqueoloxía como principal interese (SOLSONA e RICO, 2014) así como a súa motivación polo pasado (POYATO, 2011).

Deste xeito, o arqueoturismo precisa dunhas instalacións específicas que axuden aos visitantes a ter unha mellor comprensión dos restos arqueolóxicos, recalcando ademais a necesidade deste tipo de turismo para servir como un medio educativo a través do descubrimento de novas experiencias. Por este motivo, son fundamentais a correcta Interpretación e a presentación deste tipo de bens culturais, para así captar a atención e o interese do visitante, integrando os recursos arqueolóxicos dentro das rutas incluídas no turismo cultural.

Nesta liña, o papel do intérprete é o de dinamizador, capaz de achegar ao visitante aos obxectos expostos e intentar que vexa a súa vida cotiá reflectida nos vestixios arqueolóxicos (Domínguez, 2007), á vez que se busca a comunicación do patrimonio arqueolóxico á poboación local axudando a fortalecer a súa identidade a través del (CARBONE et al., 2013).

Para poder ofrecer unha boa Interpretación é fundamental a información que se obtén das escavacións e, é a través dos xacementos, cando se poden observar os instrumentos, obxectos e as estruturas construtivas que se utilizaban. Neste sen-

tido, para coñecer cal é o seu significado, os arqueólogos realizan unha investigación científica á que posteriormente é necesario aplicar a Interpretación como medio de difusión para conseguir transmitilos dun xeito máis axeitado ao público, revelando significados ao mesmo tempo que se entretén, incitando ao visitante a querer coñecer máis e que viva unha experiencia única (MANZATO, 2007).

Seguindo a Carta ICOMOS para a Interpretación e Presentación de Sitios de Patrimonio Cultural, *“a Interpretación refírese a todas as actividades potenciais realizadas para incrementar a concienciación pública e propiciar un maior coñecemento do sitio de patrimonio cultural”* (ICOMOS, 2008). Non se trata de transmitir simplemente datos, senón que a Interpretación debe ser *“unha actividade educativa que pretende revelar significados e interrelacións mediante o uso de obxectos orixinais, experiencias de primeira man e medios ilustrativos, en lugar de simplemente transmitir información dos feitos”* (TILDEN, 2006: 35).

Por outra parte, para poder levar a cabo un uso turístico de restos arqueolóxicos é necesario desenvolver unha programación e xestión axeitadas, igual que para calquera outro tipo de ben cultural, tendo en conta, principalmente, a capacidade de carga, é dicir, que o número máximo de visitantes que ese espazo pode acoller non se vexa superado para evitar así danos nesa área (GARCÍA e DE LA CALLE, 2012; PAULA, 2010) e

un impacto negativo tanto na poboación local como na experiencia turística. Esta programación deberá integrar os recursos naturais e culturais, promovendo o desenvolvemento sostible e equilibrado de tal xeito que non resulte agresiva para os recursos en cuestión. Por iso basearase nos seguintes principios (PADRÓ, 2000):

- A protección do patrimonio e da identidade local, tratando de presentar os elementos arqueolóxicos garantindo a súa preservación, e utilizando os beneficios obtidos para mellorar o patrimonio.
- A implicación dos poderes públicos na planificación, controlando os impactos negativos que poida haber.
- A participación da poboación local no seu desenvolvemento.
- Lograr a mellora das condicións de vida da poboación.
- Incidir nos aspectos relacionados coa formación, promovendo a creación de novos empregos.

En definitiva, na actualidade, como sinala GONZÁLEZ (2000), a cidadanía inclínase cara aos bens arqueolóxicos por dous motivos principais: ocio e negocio. Tradicionalmente existiu unha atracción polos restos, pero hoxe, sinala a mesma autora, sabemos que os distintos métodos de presentación in situ dos vestixios imbrícanse moi ben co turismo e o ocio activo. Por iso, para poder levar a cabo proxectos de turismo cultural, dentro dos que se inclui-

rían tamén os de turismo arqueolóxico, cómpre desenvolver unha correcta planificación, tendo en conta o público ao que irá dirixido e tratando de presentar os recursos como un todo, relacionándoos coa contorna na que se sitúan, e realizando unha interpretación axeitada, garantindo, á súa vez, un desenvolvemento sostible, de maneira que se satisfagan as necesidades das xeracións do presente pero sen prexudicar ás xeracións futuras (RAUSELL, 2014). Sen esquecer a súa relación co lecer e o entretemento.

Se o planeamento é o correcto, poderase incrementar o número de visitantes e dinamizar a zona turisticamente, sempre que se lle dea un valor engadido á visita a través da mellor busca de significados posibles e de transmitir a información e o coñecemento facendo que sexa un proceso que sirva para concienciar e xerar un cambio de actitude entre os visitantes. Trataríase así dunha actividade dinámica e non tanto estática, relacionando o turismo e a cultura co lecer e a comunicación, botando man, se cadra, das novas tecnoloxías que cada vez máis atopan o seu lugar dentro do sector turístico (Leira, 2013). Porén, se a xestión é mala, e non hai unha liña de actuación previamente establecida, tampouco se poderá consolidar a oferta de turismo arqueolóxico, implicando así o fracaso da iniciativa (MORÉRE e JIMÉNEZ, 2006).

Non se debe pasar por alto que a planificación Interpretativa debe realizarse dentro

do plan de xestión turístico da área, e non dun xeito illado. É dicir, o planeamento da Interpretación non pode deixarse á marxe dun plan de desenvolvemento turístico, debe levarse a cabo tendo en conta tamén outros aspectos turísticos, como por exemplo a comercialización de servizos que podan asociarse ao recurso. E, por outra banda, a Interpretación non pode realizarse só por parte de profesionais do turismo, senón que estes deben traballar conxuntamente cos arqueólogos, que serán uns dos profesionais máis aptos para participar no deseño e contido dos medios de Interpretación. Trátase por tanto, dunha tarefa na que tanto arqueólogos como profesionais do sector turístico e outros deben traballar man con man, sen esquecer, como se ten sinalado anteriormente, a participación da poboación local.

A interpretación como medio de difusión do patrimonio

A difusión do patrimonio fai referencia ás estratexias que se utilizan para dalo a coñecer a un maior número de persoas. Trátase dunha das fases da xestión do patrimonio que debería ir precedida ou acompañada doutras fases previas de investigación, catalogación e conservación, para coñecer que é o que se quere difundir e poder así catalogalo e conservalo para

a súa posterior transmisión (TUGORES e PLANAS, 2006). Unha vez obtidos os datos da investigación dos bens, os resultados deben ofrecerse aos cidadáns, ben sexa a través dos medios de comunicación ou exposicións, por exemplo, e, finalmente, cando todo o proceso de intervención sobre un ben estea rematado, procederase a dotalo de máis valor, a través da musealización ou da Interpretación, entre outras accións (MARTÍN, 2007). O que, sen dúbida, interesa é que o patrimonio sexa empregado, coñecido, vivido. É nese momento no que cobra máis protagonismo a difusión, as accións encamiñadas a conseguir que o patrimonio chegue a todos, pois un patrimonio que non se usa, corre o risco de desaparecer. Esta fase pode parecer subsidiaria das outras pero non debería ser así (GONZÁLEZ, LEZCANO e SERANTES, 2014)

As principais institucións encargadas da difusión do patrimonio son os museos, aínda que tamén existen presentacións in situ do patrimonio, como son os centros de Interpretación ou os parques arqueolóxicos. Estes últimos son unha forma de conservar e presentar un ben no seu contexto orixinal, de tal xeito que se mantén intacto o seu valor patrimonial (TUGORES e PLANAS, 2006).

Dentro dos instrumentos da xestión do patrimonio sitúase a Interpretación, que consiste en transmitir ao visitante o significado dun ben sen utilizar unha linguaxe técnica, para facilitar así a súa comprensión e, ao mesmo tempo, conciencialo e

facer que se comprometa co recurso que se interpreta, tendo claro que o seu fin último é a conservación dos bens en cuestión (MORALES, 2001; MANZATO, 2007).

A IP, como explican GONZÁLEZ, LEZCANO e SERANTES (2014), é una estratexia de acción comunicativa, que ten moitos ámbitos de aplicación. Nace como un método de intervención co público visitante nos *Espazos Naturais Protexidos*, aínda que co tempo foise implantando noutras áreas: no turismo, porque supón un atractivo engadido ao achegar a información dun xeito diferente; na arqueoloxía e na divulgación do patrimonio artístico, porque para algúns públicos resulta máis atractivo que os museos convencionais; nos planeamentos para o desenvolvemento local ao poñer en contacto á poboación cos visitantes a través de estratexias nas que ambos convértense en protagonistas; ou na educación, por tratarse dunha atractiva estratexia de aprendizaxe, na que a información e as propostas de interacción presentadas funcionan como pontes cognitivas.

É unha aproximación á comunicación, pero unha comunicación feita cun público interesado polo tema en lugares como museos, parques naturais, lugares históricos, etc. que buscan pasar o tempo que dure ese proceso interpretativo durante a visita de forma agradable e, ao mesmo tempo, que sexa beneficioso en canto á adquisición de novos coñecementos (HAM, 2013). Segundo MORALES (2001), nesta

forma de comunicación que é a Interpretación hai que ter en conta o contexto no que se atopa o público e será fundamental que a mensaxe que se transmita sexa facilmente comprensible. Isto conseguirase cando, grazas ao que se transmite, os visitantes sexan capaces de recordar outros feitos, de tal xeito que os conceptos teñan un significado para eles. Por este motivo destaca a importancia de que, canto máis se saiba dos visitantes en canto as súas experiencias e os seus intereses, máis fácil resultará o proceso de Interpretación. Con isto o que se pretende é crear significados na mente dos visitantes para establecer unha relación emocional entre eles mesmos e o patrimonio do lugar que visitan (HAM, 2013). E se a mensaxe fai referencia ao individuo en concreto, dicindo o su nome, por exemplo, ou invitándoo a participar, será incluso máis interesante para el e máis comprensible.

Respecto a este tema, é fundamental o manual que Freeman TILDEN publicou por primeira vez en 1957, *Interpreting our heritage*, sobre os principios da Interpretación e como debe actuar un guía ante un grupo de visitantes, manual que aínda hoxe segue vixente, sendo imprescindible no traballo diario dun guía o que nel se recolle.

Este autor define a Interpretación como “*unha actividade educativa que pretende revelar significados e interrelacións mediante o uso de obxectos orixinais, experiencias de primeira man e medios ilustra-*

tivos, en lugar de simplemente transmitir información dos feitos” (TILDEN, 2006: 35). Por tanto, interpretar non é contar unha serie de feitos ao visitante, senón que hai que transmitir eses feitos de tal forma que sexa capaz de identificalos con algunha experiencia que teña vivido, para que participe na visita e sinta o desexo de coñecer máis sobre o que está a ver (SANTANA, 2003). Así, os visitantes poderán relacionar as súas propias experiencias cos elementos patrimoniais que estean coñecendo, resultando máis fácil que se conciencien da necesidade de conservar ese patrimonio para poder transmitilo ás xeracións futuras (LEIRA, 2013) e, á vez, aumentando a súa curiosidade por querer coñecer máis, ofrecéndolles unha experiencia única nun breve período de tempo sobre realidades de hai centos de anos (SANTANA, 2003).

Como se sinalou un pouco máis arriba, a finalidade da Interpretación é a conservación, que se conseguirá mediante o respecto e a participación da comunidade, garantindo así ás xeracións futuras a posibilidade de continuar gozando do legado patrimonial (MORALES, 2001). Ademais diso, co proceso interpretativo búscase tamén mellorar as experiencias dos visitantes e producir un impacto nas súas actitudes (MORALES, 2013; HAM, 2013), de maneira que o seu comportamento sexa respectuoso cos bens culturais.

Pero no proceso interpretativo hai que ter en conta tamén o público ao que vai

dirixido. Cómpre diferenciar entre o público “cativo” e o “non cativo”. O primeiro fai referencia a aquel público obrigado a prestar atención, como podería ser o caso dos alumnos dunha escola, por exemplo, para os que a visita poida supoñer parte da nota final nas clases. Polo contrario, o segundo refírese a aquel público que realiza a visita e presta atención sen ningún tipo de obriga, facéndoo polo seu propio interese (HAM, 2013). Na Táboa 1 aprécianse con máis claridade as diferenzas entre os dous tipos de público.

Ademais de todo isto relacionado co proceso interpretativo, hai que ter en conta que a información que se transmita debe ser de calidade e baseada nun proceso de investigación, o cal, xunto co mencionado até o de agora, é clave para que a Interpretación sexa efectiva; de aí que esta tarefa deba ser

levada a cabo polos especialistas pertinentes, sendo, por tanto, un dos obxectivos da Interpretación, “*comunicar o significado dos sitios patrimoniais a diferentes públicos a través dun recoñecemento da súa significación, produto da documentación coitada do patrimonio e as tradicións culturais que perduren a través dos métodos científicos*” (MANZINI, 2011: 31).

Para unha boa IP, todo intérprete debe ter en conta os seguintes principios (TILDEN, 2006: 36)

1. Calquera Interpretación que dalgunha forma non relacione o que se mostra ou describa con algo que se encontre na personalidade ou experiencia do visitante, será estéril.
2. A información, tal cal, non é Interpretación. A Interpretación é revelación

	Público cativo	Público non cativo
Características	<ul style="list-style-type: none"> • É involuntario; está presente por obrigación. • Ten un horario fixado. • Supón ter unha recompensa externa. • Debe prestar atención. • Acepta unha linguaxe formal e académica. • Aínda que non lle interese a visita, fará un esforzo por prestar atención. 	<ul style="list-style-type: none"> • É voluntario. • Non ten un horario establecido. • Non espera ningunha recompensa externa. • Non ten que prestar atención se non quere. • Espera un ambiente informal. • Deixará de prestar atención no momento no que a visita sexa aburrida.
Motivacións	<ul style="list-style-type: none"> • Notas académicas. • Certificados. • Diplomas. • Remuneración económica. • Posto de traballo. 	<ul style="list-style-type: none"> • Interese. • Diversión. • Lecer • Enriquecemento. • Ocio.
Escenarios	<ul style="list-style-type: none"> • Aulas. • Cursos de preparación. • Seminarios profesionais. • Cursos requiridos para obter algún permiso ou licenza. 	<ul style="list-style-type: none"> • Parques, museos, zos, etc. • Programas de educación non formal.

Táboa 1: Diferenzas entre público “cativo” e público “non cativo”. (Fonte: HAM, 2013: 13)

baseada na información, aínda que son cousas completamente diferentes. En troques, toda a Interpretación inclúe información.

3. A Interpretación é unha arte, que combina outras moitas artes, sen importar que os materiais que se presentan sexan científicos, históricos ou arquitectónicos. Calquera arte pódese ensinar en certa forma.
4. O obxectivo principal da Interpretación non é a instrución, senón a provocación.
5. A Interpretación debe intentar presentar un todo en lugar dunha parte, e debe estar dirixida ao ser humano no seu conxunto, non a un aspecto concreto.
6. A Interpretación dirixida aos nenos e nenas non debe ser unha dilución da presentación aos adultos, senón que debe seguir un enfoque basicamente diferente. Para obter o máximo proveito, precisará dun programa específico.

Outros autores tamén recolleron outros principios a maiores dos de TILDEN. É o caso dos profesores Larry BECK e Ted CABLE, quen sumaron nove principios da Interpretación aos seis establecidos por TILDEN, os cales expóñense a continuación (MORALES, 2001: 53-54):

- Todo lugar ten a súa historia. Os intérpretes poden revivir o pasado para facer que o presente sexa máis prazenteiro e que o futuro adquira maior significado.
- As altas tecnoloxías poden revelar o mundo dun xeito novo e apaixonante. Non obstante, a incorporación destas tecnoloxías aos programas interpretativos debe realizarse con precaución.
- Os intérpretes deben coidar a cantidade e a calidade da información a presentar (en canto á súa selección e precisión). Ben sintetizada e fundamentada nunha boa investigación, a Interpretación terá máis poder ca un gran discurso.
- Antes de aplicar deseños en Interpretación, o intérprete debe coñecer as técnicas básicas de comunicación. Unha Interpretación de calidade fundaméntase nas habilidades e nos coñecementos do intérprete, atributos que se deben poder desenvolver de forma continua.
- Os textos interpretativos deberían transmitir aquilo que aos lectores lles gustaría coñecer, coa autoridade de coñecemento, e a humildade e responsabilidade que iso implica.
- Un programa interpretativo debe ser quen de conseguir apoio –político, financeiro, administrativo, voluntariado–, sexa cal sexa a axuda necesaria para que o programa prospere.
- A Interpretación debería estimular as capacidades da xente e infundir un desexo de sentir a beleza do seu arredor, para elevar o espírito e propiciar a conservación daquilo que é interpretado.
- Os intérpretes deben ser quen de promover actividades interpretativas ópti-

mas, a través de programas e servizos ben concibidos e deseñados de forma intencionada.

- A paixón é o ingrediente indispensable para unha Interpretación poderosa e efectiva.

Dito isto, e considerando os quince principios de Interpretación aquí mencionados, pódese afirmar que unha boa Interpretación é aquela que provoca no visitante as ganas de querer aprender máis, ademais de coñecer as verdades que se esconden detrás de calquera feito, sendo incluso máis importante que o visitante disfrute durante a súa visita e non que reteña unha serie de feitos dos que é probable que se acabe esquecendo. E non debe centrarse nun só aspecto, senón que debe contar a historia do sitio en todo o seu conxunto, tanto histórico como político ou artístico, transmitindo así os valores culturais, sociais e medioambientais do lugar (MANZINI, 2011).

Metodoloxía

A metodoloxía empregada nesta investigación contemplou, nun primeiro momento, a revisión bibliográfica (patrimonio, turismo cultural, planificación e xestión, Interpretación, arqueoloxía, arqueoturismo, etc.) así como a análise de noticias publicadas na prensa sobre o recurso e outros datos estatísticos conseguidos a través de fontes secundarias.

Por outra banda, empregouse a observación participante realizada *in situ* no Museo Aberto de Carnota co obxecto de examinar a situación actual, coñecer os recursos arqueolóxicos dos que se dispón e comprobar todo o relacionado co desenvolvemento turístico en canto ao estado, información e conservación dos bens.

Como apunte teórico, cómpre salientar que a observación participante consiste nun seguimento observacional dos obxectos e suxeitos investigados onde o investigador ou investigadora vai anotando dun xeito rigoroso e sistemático toda a información que extrae da realidade que estuda e, a partires dela, formula as súas consideracións e conclusións.

A segunda técnica cualitativa empregada foi a das entrevistas en profundidade realizadas a informantes chave no territorio e no ámbito do patrimonio arqueolóxico, servindo así como axuda para a proposta interpretativa.

Neste sentido, a entrevista é unha técnica de investigación cualitativa, unha conversa que ten unha estrutura predeterminada e a finalidade de afondar sobre un tema dende as perspectivas da persoa entrevistada (BAEZ e PÉREZ DE TUDELA, 2009; ÁLVAREZ-GAYOU, 2003). Como características de esta técnica destacan o feito de ser un diálogo cara a cara entre o entrevistador e o entrevistado, estruturado arredor dunhas preguntas que o primeiro fai ao segundo,

obtendo así a información que lle vai ofrecendo contidos de interese (BAEZ e PÉREZ DE TUDELA, 2009).

No caso do presente documento, as entrevistas foron enviadas a través do correo electrónico, e foron finalmente nove os entrevistados, entre os que se inclúen arqueólogos, guías turísticos e técnicos da Administración Pública, entre outros.

Estudo de caso. O Museo Arqueolóxico Aberto de Carnota

Na presente investigación escolleuse o estudo de caso do Museo Arqueolóxico Aberto de Carnota. Este permite realizar un percorrido de case quince quilómetros de lonxitude, o cal inclúe tres tipos de xacementos arqueolóxicos: a fortificación de Torre dos Mouros, o Castro de Mallou e un conxunto de cinco estacións de petróglifos. Este proxecto foi o resultado dunha iniciativa de Arqueoloxía Social que se levou a cabo e na que a participación voluntaria da comunidade local foi primordial. A continuación preséntanse brevemente os xacementos arqueolóxicos:

- **Torre dos Mouros**¹, segundo a in-

1 A fortificación de Torre dos Mouros é un exemplo de Arqueoloxía Social. Trátase dun proxecto que contou coa dirección arqueolóxica

formación obtida da súa páxina web (www.torredosmouros.net) é unha fortificación situada no alto da parroquia de Lira, a 300 metros sobre o nivel do mar, desde onde se pode observar a zona de Carnota e os montes de Muros e Barbanza. Unha parte desta fortificación foi empregada como canteira, cercado para o gando, estivada e alvariza. Na parte máis alta pódense observar diferentes estruturas agrícolas que consisten en pequenos muros de pedra cunha altura media de medio metro. Estas están sostidas por outras dun tamaño maior, que é o que lle da a forma á fortificación.

- Do **Castro de Mallou**, unha vez consultados os datos da súa páxina web (www.castrodemallou.net), pódese dicir que se sitúa nun lugar intermedio; non está localizado na cordilleira que delimita os municipios de Carnota e Muros, senón que está a unha altura máis baixa. Esta situación débese a motivos económicos, relacionados co modelo agro-pesqueiro tradicional desta zona. É por isto polo que as aldeas non están situadas ao carón do mar, xa que antigamente só existían construcións auxiliares para a práctica da actividade pesqueira, e o feito de

de Antón Fernández Malde e no que participaron veciños e outros voluntarios nas tarefas de limpeza, apoio aos arqueólogos, mantemento das redes sociais, etc. e practicouse unha divulgación científica en tempo real (GAGO et al., 2013).

situarse nese lugar intermedio debíase a que desta forma se podía compatibilizar a actividade pesqueira coa agrícola, aproveitando así a riqueza dos solos que se situaban en pequenos vales.

- Os **petróglifos** existentes nesta zona son cinco: As Laxiñas, Filladuiro, Rego Lamoso, A Laxe Escrita e Prousos Magos. Son un conxunto de gravados rupestres dun grande repertorio temático, moi rico e completo. Ademais, a conxugación das distintas representacións é moi pouco habitual, polo que a visita pode resultar máis atractiva. Cada unha das cinco estacións de pe-

tróglifos ten un matiz especial, tanto na temática como no seu emprazamento.

Resultados

Diagnóstico do Museo a través da Observación Participante

No caso do Museo Arqueolóxico Aberto de Carnota, esta técnica dividiuse en tres partes:

- **Pre-observación.** Nela concretouse a información existente sobre o Museo.



Mapa 1: Mapa cos paneis informativos dos diferentes xacementos do Museo.

Esta dividiuse en tres apartados:

- ✓ Información a través das *páxinas web* sobre o tema en cuestión.
 - ✓ Información proporcionada a través da *chamada telefónica* realizada ao Concello de Carnota e de correos electrónicos ás persoas encargadas das visitas e da xestión do Museo.
 - ✓ Descrición do *entorno virtual* sobre o Museo Arqueolóxico.
- **Observación in situ.** Unha análise do Museo atendendo á súa sinalización (tanto para chegar ao lugar como para desprazarse dentro del) e ao estado dos xacementos.
 - **Conclusións.** Unha valoración final dos resultados obtidos a través desta técnica de investigación cualitativa para, posteriormente, propor as accións de mellora consideradas oportunas para este Museo Arqueolóxico.

A pre-observación do Museo foi realizada a mediados do mes de marzo de 2014 e para a cal se consultaron diversas páxinas web, destacando que o Museo Arqueolóxico Aberto de Carnota non conta con ningunha páxina web propia dedicada única e exclusivamente a el, senón que existen varios sitios web que tratan outros temas relacionados coa arqueoloxía que inclúen tamén este Museo Arqueolóxico, por unha parte e, por outra, páxinas web centradas nun xacemento en concreto: unha para o Castro de Mallou e outra para a Fortificación de Torre dos Mouros. Tamén cabe dicir

que, en canto aos petróglifos, non se atopou ningún sitio en Internet no que se trate este tema en profundidade; aparecen recollidos nas páxinas doutros xacementos arqueolóxicos do Museo, pero tan só de forma superficial, sen ofrecer moita información sobre eles.

Ademais de na rede, tamén se buscou información sobre este Museo nas oficinas de información turística máis próximas ao entorno, pois a información ofrecida en Internet aparece en distintas páxinas e en ningunha delas se explica ningún percorrido enteiro que inclúa todos os xacementos, senón que se explican estes por separado.

Nun primeiro momento acódesse á oficina de información turística de Carnota e compróbase in situ que está pechada, polo que se decide chamar ao Concello para solicitar información. A seguinte opción foi dirixirse á oficina de información turística de Corcubión, pero o éxito foi o mesmo que en Carnota, xa que tamén estaba pechada. Finalmente, foi na oficina de Ézaro (a cal permanece aberta durante todo o ano) onde se puido comprobar o nivel de información existente sobre o Museo Arqueolóxico de Carnota. Neste caso, a técnico de turismo da mencionada oficina confirma que apenas dispón de datos sobre os xacementos arqueolóxicos de Carnota, ofrecendo os enlaces a algunhas das páxinas web sobre os mesmos nas que se pode obter algo de información, enlaces

que xa foron indicados anteriormente no apartado referente ao estudo de caso.

Realizada a fase de pre-observación, cos resultados obtidos a través da análise das diferentes páxinas web² que facilitan información sobre os diferentes xacementos do Museo, pódese dicir que se trata dun entorno virtual un pouco confuso, posto que toda a documentación atópase en varias páxinas diferentes, sen existir unha única que agrupe toda a información relativa ao Museo Arqueolóxico Aberto.

Tampouco se explica en ningunha das páxinas como chegar aos diferentes xacementos; tan só no blogue Capítulo Cero, de Manuel Gago, se facilita un mapa dos distintos petróglifos da área, explicando punto por punto o que se pode ver e como chegar ata alí.

En canto ao contacto vías correo electrónico e chamadas telefónicas, no caso destas últimas apréciase certo descoñecemento sobre o tema, xa que a primeira persoa que atendeu a chamada feita ao

2 Páxina web do Concello de Carnota: www.concelloddecarnota.com
Páxina web de Torre dos Mouros: www.torredosmouros.net
Páxina web do Castro de Mallou: www.castrodemallou.net
Páxina web de Cool-Touring, empresa encargada das visitas guiadas: www.cool-touring.com
Facebook de Torre dos Mouros: www.facebook.com/TorreDosMouros
Páxina web do blogue Capítulo Cero, de Manuel Gago: <http://www.manuelgago.org/blog/index.php/category/notas-arqueoloxicas/>

Concello non era consciente da existencia do Museo Arqueolóxico Aberto como tal, senón que tiña coñecemento da existencia dos seus elementos por separado. Pola contra, a través dos correos electrónicos, a información facilitada polas persoas consultadas foi de axuda, demostrando coñecemento sobre o Museo.

No tocante á observación in situ, esta tamén se levou a cabo durante o mes de marzo de 2014. Coa súa realización, puido observarse o entorno do Museo Arqueolóxico Aberto de Carnota, os xacementos que nel se poden visitar e o estado dos mesmos.

No referente ao persoal do Museo, non se observou a ninguén a cargo do mesmo durante as visitas. Tampouco se coincidiu con ningunha outra persoa que estivese a realizar a visita a este espazo, do que quizais poida ser causa, en parte, a falta de promoción existente sobre este recurso.

Do entorno do Museo Arqueolóxico Aberto de Carnota é de destacar a falta de sinalización axeitada para chegar ao propio sitio. Na estrada comarcal AC-552, dende Cee en dirección Carnota, non se atopa ningunha indicación, nin ao Museo nin aos xacementos arqueolóxicos. O único sinal encontrado é o do Castro de Mallou, xusto no desvío que conduce ao inicio do camiño que se dirixe ao Castro.

O percorrido realizado para levar a cabo a técnica da observación participante

iniciouse na parroquia de Lira, comezando pola fortificación de Torre dos Mouros para, seguindo as indicacións do camiño, chegar ata o petróglifo de Prousos Magos, pasando por todos os demais xacementos. Comprobase, así mesmo, que o mellor punto de partida para comezar esta ruta é o de Lira, porque saíndo deste lugar, os indicadores facilitados por parte da Administración Local van marcando un percorrido que non ten perda e que permite chegar sen dificultade aos diferentes xacementos.

En canto á sinalización existente por todo o percorrido entre os diferentes xacementos, pódese dicir que é moi boa, con indicacións en cada un dos desvíos aos diferentes elementos arqueolóxicos para evitar confusións ou coller camiños erróneos.

Por outra parte, o entorno paisaxístico atópase limpo, libre de maleza e accesible para os coches en case todos os tramos. Comprobase que só existe un tramo, o que conduce ao petróglifo de As Laxiñas dende a fortificación de Torre dos Mouros, que non se atopa no estado axeitado como para que circule por el un coche.

Tamén se debe facer mención á información que se ofrece sobre os xacementos. Neste caso, todos eles contan con paneis unicamente informativos, non interpretativos, cada un formado por un mapa no que se sitúan os sete xacementos, o mesmo para todos, e por unha explicación sobre o

elemento arqueolóxico ante o que se atopa o visitante, facendo unha breve descripción do mesmo e dos elementos que nel se poden encontrar.

De todos os xacementos do Museo, do único do que non se puido obter información in situ foi do petróglifo de As Laxiñas, xa que o seu acceso foi imposible debido á maleza que se atopaba á súa entrada, así como pola auga que discorría polo camiño que non permitía o paso por el.

En xeral, e a excepción do petróglifo de As Laxiñas, pódese dicir que o Museo Arqueolóxico Aberto de Carnota conta cun bo entorno, limpo e accesible, ademais de dispor de paneis informativos no acceso a cada un dos xacementos que anticipan o que vai atopar o visitante cando chegue ao recurso arqueolóxico.

Ao igual que o seu entorno, os xacementos tamén se atopaban limpos e accesibles grazas aos traballos de limpeza que realizaron os voluntarios que se implicaron nas actividades de recuperación, participación que actualmente non se leva a cabo, pois as actividades iniciais relacionadas co Museo Arqueolóxico Aberto atópanse paralizadas na actualidade. Como xa se dixo, só falta a información relativa ao petróglifo de As Laxiñas por non poder acceder ao mesmo.

Unha vez levada a cabo a técnica da observación participante, os resultados amosan que se trata dun recurso cun gran va-

lor histórico e cultural sobre Carnota, no que se realizaron importantes traballos de recuperación e mantemento que ven o seu froito na accesibilidade que agora existe aos mesmos.

Pero, por outra parte, o Museo non conta coa suficiente promoción e información para darse a coñecer, tal e como o demonstra a falta de coñecemento sobre o tema dende os puntos de información turística dos arredores e, tamén, por parte da poboación local.

Tendo en conta isto, entre as propostas de mellora atópanse:

- A necesidade de incluír *senalización* sobre o Museo na entrada ao pobo, con indicadores aos lugares desde onde se poida iniciar unha ruta que percorra todos os xacementos.
- Creación dunha *páxina web* exclusiva para o Museo, que ofrezca información sobre cada un dos xacementos e sobre como chegar ata eles.
- Aumentar a *información in situ* dos xacementos. Por exemplo, no Castro de Mallou, o panel informativo que se encontra no acceso informa sobre os diferentes elementos do castro, pero unha vez dentro do recinto, o visitante pode non recoñecelos. Unha posible solución a isto sería indicar, dentro da área do xacemento, as diferentes partes que o compoñen ou, polo menos, as máis importantes, de forma que para o visitante

sexa máis fácil facer a súa propia recreación do lugar.

- Facilitar ás *oficinas de turismo* dos arredores *información* sobre o Museo. Á vez que se informa do que se pode ver na Costa da Morte, como por exemplo en Fisterra, Muxía, Muros... cando se ofrezca información sobre Carnota, ademais do coñecido hórreo ou da famosa praia, pódese dar a coñecer o Museo Arqueolóxico Aberto.
- Realizar *visitas guiadas* durante máis tempo que tan só na Semana Santa e nos meses de verán. Un percorrido polo Museo Arqueolóxico Aberto pódese converter nun dos atractivos da zona, polo que se se ofrecera durante todo o ano, podería contribuír á desestacionalización do sector turístico nesta área.
- Aplicar a filosofía da IP a través dunha axeitada *planificación Interpretativa* de todos os medios anteriormente mencionados.

Diagnóstico do Museo a través das entrevistas en profundidade

O obxectivo das entrevistas é profundar máis sobre o Museo Arqueolóxico Aberto de Carnota e sobre a posibilidade do mesmo de chegar a ser un recurso turístico atractivo para a zona. Como xa se comprobou, a información que existe sobre o mesmo é escasa e, xa que o obxecto de estudo do presente artigo céntrase nese museo en cuestión, foi preciso recorrer a

esta técnica para obter máis información da man de expertos no tema.

En primeiro lugar, e unha vez determinado o obxectivo das entrevistas, redactouse un documento cunha introdución e unhas cuestións acerca do Museo Arqueolóxico Aberto de Carnota, principalmente, así como sobre a área deste concello en canto a algúns aspectos turísticos. Optouse por enviarlles aos expertos este documento a través de correo electrónico para que respondesen ás diferentes cuestións e aportasen todo o contido que considerasen preciso, e reenviasen as respostas a través da mesma vía.

Na parte introdutoria fíxose unha pequena referencia á importancia do turismo cultural, dentro do cal se inclúe o turismo arqueolóxico e, a continuación, unha breve descrición do Museo e dos obxectivos que se perseguían coa realización das entrevistas. Na parte final, indicouse a dirección de correo electrónico á que deberían enviar as súas respostas, agradecéndolles de antemán a súa colaboración e garantindo o anonimato das súas opinións.

O cuestionario desenvolveuse en tres bloques de preguntas. No Bloque I, referente ao *turismo cultural*, centrouse en coñecer a opinión dos seleccionados en canto á posibilidade de que o Concello de Carnota poida desenvolver un produto de turismo arqueolóxico e poida convertelo, así, nun dos principais atractivos turísticos da zona.

O Bloque II, sobre *turismo arqueolóxico*, buscaba analizar a potencialidade dos xacementos arqueolóxicos de Carnota como para chegar a consolidar a práctica do turismo arqueolóxico no municipio, de maneira que contribúa así á desestacionalización do sector turístico nesta área.

O Bloque III, o máis extenso, trata sobre o *Museo Arqueolóxico Aberto de Carnota*. A través de dez preguntas, os seleccionados deron a súa resposta a diferentes cuestións sobre o Museo, en canto ao seu nivel de coñecemento sobre o mesmo, á promoción existente, ao feito de tratarse nalgúns dos casos de proxectos de Arqueoloxía Social e, en xeral, melloras que consideran que serían necesarias en canto á promoción, financiamento, conservación, desenvolvemento de actividades, etc.

A selección de expertos fíxose atendendo á súa profesión e á súa implicación no proxecto do Museo Arqueolóxico Aberto, por considerar que as súas opinións, ademais de ser fiables, serían útiles para axudar á determinación dun Plan Estratéxico de Turismo Arqueolóxico para o municipio de Carnota.

Dos resultados obtidos pódese dicir que os entrevistados coinciden no potencial que teñen os xacementos arqueolóxicos do municipio de Carnota para que se poida chegar a desenvolver un produto de turismo arqueolóxico que contribúa a desestacionalizar o sector turístico neste lugar, o

cal se caracteriza por contar cun maior fluxo de visitantes durante a Semana Santa e os meses de verán. Pero, por outra parte, tamén coinciden en que para poder chegar a crear un produto deste tipo aínda queda moito por traballar no que ás escavacións e á recuperación dos restos arqueolóxicos se refire. Así mesmo, estes expertos fan referencia ao descoñecemento xeral sobre este Museo debido á falta de promoción; á necesidade de realizar outras actividades (ademais das visitas guiadas) para dalo a coñecer, como conferencias, contacontos e outras actividades adaptadas a diferentes públicos; valoran positivamente que se trate de exemplos de Arqueoloxía Pública ou Social, pois consideran que a poboación local é quen ten que participar en proxectos deste tipo; e aseguran que é imprescindible que a Administración Pública interveña no desenvolvemento deste produto turístico, sobre todo en canto á conservación e mantemento dos recursos arqueolóxicos.

Conclusión e proposta pre-interpretativa para o Museo Arqueolóxico Aberto de Carnota

Como conclusión de todos os resultados obtidos cabe destacar que se está a analizar un proxecto que está na súa fase inicial, polo que se considera que antes de

poñer en marcha as diferentes técnicas de Interpretación para tratar de transmitir ao público a historia deste lugar, evidentemente é preciso levar a cabo unha mellora na súa recuperación e no acondicionamento dos xacementos. Por outro lado, é importante aclarar que as actuacións aquí establecidas constituirían máis unha proposta pre-interpretativa que un proxecto de IP en si mesmo e desenvolvido de forma completa.

Neste sentido, para a aplicación da disciplina da Interpretación, as fases que se deberían seguir serían as seguintes:

- Avaliación e diagnose dos recursos arqueolóxicos.
- Recuperación dos diferentes elementos do Museo.
- Acondicionamento da área e creación de infraestruturas.
- Deseño das actividades para a Interpretación.
- Programa de comunicación e promoción.

Considérase que a primeira fase, a avaliación e diagnose dos xacementos arqueolóxicos, correspóndelles desenvólvela aos arqueólogos, antropólogos e arquitectos, co fin de analizar e descubrir os exemplos que alí se atopan, o significado que poden ter para comprender o modo de vida da época da que son propios e a explicación dos seus modelos construtivos. Ademais, os profesionais implicados, a partir dos seus estudos, determinarían o estado de

conservación dos diferentes restos arqueolóxicos, así como as ameazas que poñen en perigo a súa conservación, coa finalidade de poder traballar en estratexias para eliminalas ou reducilas.

Por suposto, é tamén necesaria a recuperación dos escenarios, fundamental tanto para permitir o acceso aos mesmos como para ter a oportunidade de descubrir novos xacementos. Por tanto, precísase levar a cabo unha limpeza da maleza e do entorno, previsiblemente con certa frecuencia. A pesar de que se comprobou que o entorno máis próximo aos xacementos está limpo, aínda hai lugares nos que a maleza debe ser eliminada, como no caso do Castro de Mallou, onde hai importantes elementos descubertos que se atopan limpos, pero existe unha boa parte do terreo no seu entorno que pode esconder máis recursos arqueolóxicos e que, por tanto, debería limparse para obter máis pezas que puidesen explicar a historia dese lugar.

Realizada a avaliación e a recuperación de escenarios será necesario crear as infraestruturas precisas e levar a cabo o acondicionamento da área para permitir o acceso ao público. As accións, neste caso, corresponderíanse coa mellora das infraestruturas de acceso aos diferentes xacementos, a creación de sinalización para chegar ata o Museo e indicando os diferentes puntos nos que se pode comezar o percorrido, a habilitación de aparcadoiros e puntos de

información nos principais accesos, mellorar estes últimos para a subida de autobuses e a situación de varios puntos de información ao longo do percorrido.

Unha vez que a área do Museo sexa accesible e estea acondicionada, deseñaríanse os medios interpretativos para a transmisión de coñecemento. A continuación propóñense algunhas actuacións que se consideran necesarias para impulsar o Museo Aberto de Carnota.

- **A creación dun Centro de Recepción de Visitantes.**

Tendo en conta que se trata dun Museo Aberto non se crearía un centro de interpretación nin un museo, posto que se considera que xa existe unha masificación neste sentido e que sería necesario impulsar neste caso o territorio museo. Non obstante, considérase necesario crear un centro de recepción de visitantes, o cal podería situarse nalgún edificio localizado no municipio de Lira (Carnota), é dicir, no inicio do percorrido que conduce á fortificación de Torre dos Mouros por dous motivos: (I) é o lugar recomendado para iniciar o percorrido e (II) conta cun espazo máis amplo que os outros accesos para poder instalar unha infraestrutura deste tipo. Podería distribuírse da seguinte maneira:

- Unha recepción, que se utilizaría para a acollida dos visitantes e para darlles a información necesaria para poder reali-

zar o percorrido. Tamén se establecería como punto de partida dos grupos para as visitas guiadas.

- Unha sala versátil, que sirva para desenvolver algunha actividade (charlas divulgativas ou outros) ou exposicións temporais, servindo así como dinamizador do “museo”.

Non se poden esquecer tampouco algúns aspectos como unha pequena cafetería, tenda e información específica sobre o Museo Aberto de Carnota, servizos públicos e un amplo aparcadoiro tanto para autobuses como para particulares.

- **Visitas guiadas**

Aínda que a visita poida realizarse de forma individual, tamén se deberán ofrecer visitas guiadas para grupos coa finalidade de aportar unha experiencia máis satisfactoria e amena na transmisión da historia dese lugar. Neste caso, deberían ofrecerse visitas guiadas para grupos cun horario de forma habitual aínda que sexa só durante dous ou tres días á semana. Por suposto, será necesario tamén ofrecer o servizo baixo petición previa fóra do horario establecido para grupos.

Para amenizar máis o percorrido, poderíanse dedicar algúns espazos para a recreación de escenarios propios da época. A súa finalidade sería dar a oportunidade de coñecer como eran as construcións daquela época, comprobar as ferramentas

que se utilizaban e as actividades que realizaban, facendo partícipes aos visitantes, de tal xeito que experimentasen, coa axuda dos profesionais ao servizo do Museo, como era o día a día da poboación daquela lugar hai centos de anos.

- **Folletos informativos e audioguías**

Dende a páxina web do Museo Aberto de Carnota facilitaríanse folletos cunha orientación xeral sobre os xacementos en varios idiomas co obxectivo de dar información previa sobre o recurso para que o turista poida planificarse previamente. Se o visitante desexa máis información, editaríase unha guía interpretativa e completa sobre o Museo que se poñerá á venda no centro de recepción de visitantes.

Tendo en conta tamén a premisa do “turismo para todos” recoméndase realizar unha audioguía gratuíta que se poida descargar directamente dende a web, permitindo así o acceso á información para as persoas con discapacidade visual.

Desbótase a posibilidade de ofrecer radioguías in situ debido ao custo que supón, tanto de inversión como de mantemento.

- **Paneis informativos.**

Actualmente, o Museo xa conta con paneis informativos no acceso a cada xacemento, pero considérase que non son interpretativos, tal e como xa se comentou

anteriormente. Non obstante, os existentes son axeitados para introducir o Museo e serven como apoio material na explicación da visita guiada.

De todos os xeitos, por exemplo, no caso do Castro de Mallou, poderíanse incluír pequenos paneis informativos dentro do recinto e ben integrados no mesmo, indicando cada un dos elementos que o compoñen e ofrecendo datos anecdóticos sobre eles, facilitando así unha reconstrución mental no visitante sobre o lugar.

En definitiva, considérase que os paneis deben ser atractivos para recibir a atención por parte dos turistas, así como a necesidade dun mantemento mínimo polo paso do tempo e polo vandalismo.

É importante insistir en que tanto as visitas guiadas como os paneis e os folletos deberían deseñarse e desenvolverse a partir da filosofía da Interpretación exposta ao longo deste artigo, e xirar en torno a un tema central, sen caer no seu uso como meros medios informativos.

- **Creación de Produto Turístico**

Finalmente, será preciso levar a cabo un plan de comunicación e emprender unha comercialización do recurso creando un produto turístico orixinal e atractivo.

A campaña de promoción implicaría actuar en diferentes medios: a través de Internet

(páxina web propia e a través de redes sociais); a través da prensa escrita; a través de *touroperadores*; dirixíndose á comunidade escolar, á poboación; aos axentes locais e á comunidade científica; realizando visitas guiadas como forma de promoción, tanto para o propio persoal encargado da posta en marcha deste museo como para os traballadores do sector que poden servir de axuda na promoción do mesmo (informadores turísticos ou empresarios dos servizos de aloxamento e restauración, por exemplo); facilitando información nas oficinas de información turística; realizando unha promoción conxunta co resto da Costa da Morte; publicando os resultados das investigacións levadas a cabo; etc.

Como conclusión final, cabe insistir na categorización como pre-proxecto das propostas aquí detalladas, pois no caso de querer levar a cabo un programa completo de IP, estas deberían de ir acompañadas duns contidos completos e ben traballados, que tratasen de transmitir unha mensaxe interpretativa completa, á que poderían subordinarse outros sub-temas, sempre baseados na filosofía da Interpretación. Non polo mero feito de existir un Centro de Visitantes, visitas guiadas, paneis, folletos, audioguías, se pode afirmar que se trate dun proxecto interpretativo. É preciso dotalo dun contido profundo.

Por último, convén destacar o papel xogado neste Museo polos arqueólogos, e en concreto pola arqueoloxía social, a cal fixo

partícipe á poboación local de coñecer, traballar, conservar e ata difundir o seu. Pero non hai que esquecer a importancia e a necesidade de desenvolver un produto completo de turismo cultural, que non debería realizarse sen a presenza dos profesionais do turismo. En definitiva, recoméndase o traballo conxunto de diversos actores, un traballo multidisciplinar, que trate de asociar o investigado e o traballado cos servizos turísticos que axudarían a facilitar o seu achegamento ao público xeral.

Bibliografía e fontes de información

- ÁLVAREZ-GAYOU, J.L. (2003): *Cómo hacer investigación cualitativa. Fundamentos y metodología*. México: Editorial Paidós Mexicana S.A.
- BAEZ Y PÉREZ DE TUDELA, J. (2009): *Investigación cualitativa*. Madrid: ESIC Editorial.
- BARREIRO, D. (2012): Arqueología aplicada y patrimonio: memoria y utopía, *Complutum*, Vol. 23 (2), pp. 33-50.
- CARBONE, F., OOSTERBEEK, L. e COSTA, C. (2013): Pai-deia approach for heritage management. The tourist enhancement of archaeological heritage on behalf of local communities, *Pasos*, Vol. 11, Nº 2, pp. 285-295.
- CASTRO DE MALLOU [Dispoñible en: <http://castrode-mallou.net/>. Consultado en 24/03/2014 ás 20:00].
- CONCELLO DE CARNOTA. [Dispoñible en: <http://www.concellodecarnota.com/>. Consultado en 24/03/2014 ás 20:30].
- COOL-TOURING. *Experiencias turísticas selectas*. [Dispoñible en: <http://cool-touring.com/visitas-guiadas/torredosmouros/>. Consultado en 12/05/2014 ás 19:30].
- CÚNEO E. M. (2004): Huellas del pasado, miradas del presente: la construcción social del patrimonio arqueológico del Neuquén, *Intersecciones en Antropología*, nº5, pp. 81-94
- DOMÍNGUEZ, A. (2007): *El Patrimonio Arqueológico a debate: su valor cultural y económico*. Huesca: Cometa, S.A., pp. 1-19.
- FERNÁNDEZ G. e GUZMÁN A. (2005): Patrimonio industrial y rutas turísticas culturales: Algunas propuestas para Argentina, *Cuadernos de Turismo*, nº15, pp. 97-112.
- FERRER, C. e VIVES-FERRÁNDIZ, J. (2014): Patrimonio arqueológico y turismo: unas reflexiones finales. En VIVES-FERRÁNDIZ, J. e FERRER, C., *El pasado en su lugar: patrimonio arqueológico, desarrollo y turismo*. Valencia: Museu de Prehistòria de Valencia – Deputación de Valencia, pp. 177-189.
- GAGO, M., MALDE, A., AYÁN, X., TOURAL, C. (2013): A Torre dos Mouros (Lira, Carnota). Una experiencia de ciencia en comunidad y comunicación en directo. En ALMANSA, J., *Arqueología Pública en España. Colección Arqueología Pública*. Madrid: JAS Arqueología S.L.U., pp. 291-316.
- GARCÍA, M. e DE LA CALLE, M. (2010): Uso y lectura turística de los grandes conjuntos arqueológicos. Reflexiones a partir del estudio de público de Medina Azahara / Madinat al-Zahra (Córdoba), *Pasos*, Vol. 8, Nº 4, pp. 609-626.
- GARCÍA, M. e DE LA CALLE, M. (2012): Capacidad de carga en grandes recursos turístico-culturales, *Anales de geografía*, Vol. 32, Nº 2, pp. 253-274.
- GÓMEZ FERRI, J. (2004). Del patrimonio a la identidad. La sociedad civil como activadora patrimonial en la ciudad de Valencia, *Gazeta de Antropología*, nº, 20, artigo 09.
- GONZÁLEZ MÉNDEZ, M. (2000): Memoria, historia y patrimonio: hacia una concepción social del patrimonio, *Trabajos de Prehistoria* 57, n.º 2, 2000, pp. 9 -20.
- GONZÁLEZ, M., LEZCANO, M.E., SERANTES, A. (2014): *Interpretación do Patrimonio Cultural: guía para profesionais do turismo*. A Coruña: CEIDA. [Dispoñible en: <http://www.ceida.org/files/publicacions/IPCulturalGuiaTurismo.pdf>. Consultado en 26/12/2014 ás 17:30].
- GUASCH, O. (2002): *Observación Participante* (Colección Cuadernos Metodológicos, nº 20). Madrid: Centro de Investigacións Sociolóxicas.
- HAM, S. (2013): *Interpretation. Making a difference on purpose*. United States of America: Fulcrum Publishing.

- ICOMOS. *Carta ICOMOS para Interpretación y Presentación de Sitios de Patrimonio Cultural (Québec, 2008)*. [Dispoñible en: http://www.international.icomos.org/charters/interpretation_sp.pdf. Consultado en 17/11/2014 ás 11:15].
- ICOMOS. *Carta Internacional sobre turismo cultural, la gestión del turismo en los sitios con patrimonio significativo. 8º borrador (México, 1999)*. [Dispoñible en: http://www.icomos.org/tourism/tourism_sp.html. Consultado en 17/11/2014 ás 15:15].
- LEIRA, J. (2013): Interpretive processes in cultural tourism", *Rotur. Revista de Ocio y Turismo*, 6, pp. 91-105.
- MANUEL GAGO. *Blog Capítulo Cero*. [Dispoñible en: <http://www.manuelgago.org/blog/index.php/category/notas-arqueologicas/>. Consultado en 24/03/2014 ás 18:00].
- MANZATO, F. (2007): Turismo Arqueolóxico: diagnóstico e análise do produto arqueoturístico", *Pasos*, Vol. 5, Nº 1, pp. 99-109.
- MANZINI, L. (2011): El significado cultural del Patrimonio, *Revista digital Estudio del Patrimonio Cultural*, nº 6, pp. 27-42.
- MARTÍN, M. (2007): La difusión del patrimonio. Actualización y debate, *E-rph: Revista Electrónica de Patrimonio Histórico*, Nº 1, pp. 1-21.
- MORALES, J. (2001): *Guía práctica para la Interpretación del patrimonio. El arte de acercar el legado natural y cultural al público visitante*. Sevilla: Junta de Andalucía, Concejalía de Cultura, Difusión Monografías.
- MORALES, J. (2014): Interpretación del patrimonio, presentación empregada no *IV Curso de verán. A evolución do turismo no marco da sociedade global. Retos para a súa planificación e xestión*, celebrado en Carballo (A Coruña) os días 2, 3 e 4 de xullo de 2014 pola Universidade da Coruña.
- MORERE, N. e JIMÉNEZ, J. (2006): Análisis del turismo arqueolóxico en España. Un estado de la cuestión, *Estudios Turísticos*, nº 171, pp. 115-139.
- ORGANIZACIÓN MUNDIAL DO TURISMO (1985). *The state's role in protecting and promoting culture as a factor of tourism development and the proper use and exploitation of the national cultural heritage of sites and monuments for tourism*, Madrid.
- PADRÓ, J. (2000): La gestión del patrimonio: una perspectiva territorial. En LEIRA, L. e MÉNDEZ, R., *O patrimonio e a cultura proxectual. Un diálogo necesario*. Lugo: Servizo de Publicacións da Deputación Provincial de Lugo, pp. 135-144.
- PAULA, M. (2010): Evaluación de la capacidad de carga, 5, pp. 221-247.
- POYATO, M.C. (2011): El turismo y el patrimonio como motor de desarrollo rural, en *II Jornadas de Desarrollo Rural y Sostenibilidad. Actas Ponencia IV, V y Conferencia de Clausura*, celebradas o 25 e 26 de marzo de 2011, Iniesta-Cuenca, pp. 135-203. [Dispoñible en: <http://www.centrointernet-iniesta.es/Jornadas/II%20Jornadas%20de%20desarrollo%20-%203.pdf>. Consultado en 12/05/2014 ás 19:00].
- RAUSELL, P. (2014): La sostenibilidad económica de los proyectos de desarrollo local basados en el patrimonio, en VIVES-FERRÁNDIZ, J. e FERRER, C., *El pasado en su lugar: patrimonio arqueológico, desarrollo y turismo*. Valencia: Museu de Prehistòria de Valencia – Deputación de Valencia, pp. 5-27.
- SANTANA, A. (2003): Patrimonios Culturales y turistas: unos leen lo que otros miran, *Pasos*, Vol. 1, nº 1, pp. 1-12.
- SOLSONA, J. e Rico, E. (2014): Patrimonio arqueológico in situ. Desarrollo y turismo. En VIVES-FERRÁNDIZ, J. e FERRER, C., *El pasado en su lugar: patrimonio arqueológico, desarrollo y turismo*. Valencia: Museu de Prehistòria de Valencia – Deputación de Valencia, pp. 29-62.
- TILDEN, F. (2006): *La Interpretación de nuestro patrimonio*. Sevilla: Asociación para la Interpretación del Patrimonio.
- TORRE DOS MOURES. [Dispoñible en: <http://torredosmoures.net/>. Consultado en 24/03/2014 ás 20:15].
- TUGORES, F. e PLANAS, R. (2006): *Introducción al patrimonio cultural*. Xixón: Edicións Trea.



Praza do Comércio (Lisboa-Portugal)

© Rocío López Díez